



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Planificación
e Ordenación Forestal



FEADER:
Europa inviste
no rural

Proxecto de ordenación forestal MONTOUTO

Parroquia VILARMEL, Concello Quiroga, Provincia Lugo

PENDENTE DE
APROBACIÓN

INFORME GLOBAL

Este documento recolle a información cargada na aplicación XORFOR

Redactor do instrumento: **ANA LÓPEZ ÁLVAREZ**
Xestor ou representante: **ARSENIO LÓPEZ FERNÁNDEZ**





ÍNDICE XERAL

1. DATOS DO PROXECTO ORDENACIÓN

2. DATOS XERAIS E ADMINISTRATIVOS

3. DESCRICIÓN DA ESTACIÓN FORESTAL E LIMITACIÓNS Á XESTIÓN FORESTAL

4. REDE VIARIA FORESTAL E OUTRAS INFRAESTRUTURAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS

5. INVENTARIO DOS RECURSOS E SERVIZOS FORESTAIS

6. PLANIFICACIÓN FORESTAL

ANEXO DOCUMENTAL I: METODOLOXÍA CÁLCULOS E XUSTIFICACIÓN

ANEXO II: ADHESIÓN A BOAS PRÁCTICAS

ANEXO III: MODELOS SILVÍCOLAS

ANEXO IV: PLANOS





1. DATOS DO INSTRUMENTO PROXECTO ORDENACIÓN

Datos do instrumento	
Título do instrumento:	Proxecto de ordenación forestal MONTOUTO
Motivo do instrumento:	Primeira presentación

Lista de técnicos que participaron no instrumento			
NIF	Nome completo	Titulación	Nº Colexiado
44493450L	MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ FEIJÓO		-
34266519S	ANA LÓPEZ ÁLVAREZ	Enxeñería de montes	4689

Lista de outras persoas relacionadas co instrumento (xestores e representantes)		
NIF	Nome completo	Rol
34258852F	Arsenio López Fernández	Representante

Lista resumo das superficies afectadas polo instrumento de ordenación				
Monte	Tipo	Concello	Nome predio	Superficie afectada
MONTOUTO	M.V.M.C.	QUIROGA, VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	MONTOUTO	1.525,2615



2. DATOS XERAIS E ADMINISTRATIVOS

2.1. MONTOUTO

2.1.1 Identificación das persoas titulares e xestoras

Titular		
Parcelas catastrais	NIF	Nome
Todas as parcelas catastrais desglosadas no punto 2.1.7	34258852F	Arsenio López Fernández

Xestores e representantes		
NIF	Nome completo	Rol
34258852F	Arsenio López Fernández	Representante

2.1.2 Situación administrativa e localización

Situación administrativa e localización	
Distrito:	Terra de Lemos
Concello principal:	QUIROGA, VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
Parroquia principal:	VILARMEL
Tipo propiedade:	M.V.M.C.

2.1.3 Definición legal dos seus límites coa delimitación dos encravados

Superficies (ha)					
Referencia Catastral	Encravados	Non for.	Referencia Catastral	Encravados	Non for.
27050A063090090000SL	-	0,2668	27050A019090020000SR	-	0,2944
27050A063000740000SW	-	0,0261	27050A015009460000SH	-	0,1832
27050A018090050000SH	-	0,0007	27050A015090070000SS	-	0,0009
27050A016090020000ST	-	0,0009	27050A018000310000SO	0,1740	-
27050A016000850000SI	-	0,1803	27050A093090710000SD	-	0,0314
27050A016090070000SR	-	0,1968	27050A018090040000SU	-	0,1336
27050A018090020000SS	-	0,4163	27050A018090010000SE	-	0,4464
27050A018090100000SA	-	0,0006	27050A017090030000SY	-	1,1732
27050A017090020000SB	-	3,4524	27050A018090060000SW	-	0,1509
27050A015004830000SF	-	0,0054	27050A018000020000SD	0,1554	-
27050A018000010000SR	0,0890	-	27050A017090060000SP	-	0,1512
27050A017090050000SQ	-	0,1266	27050A017090040000SG	-	0,3418
27050A015090090000SU	-	0,1643	27050A015090060000SE	-	0,0364
27050A015090050000SJ	-	2,4889	27050A019090030000SD	-	0,0006
27050A019000020000ST	-	0,1746	27050A016090040000SM	-	0,2626
27050A016090030000SF	-	0,3249	27050A018000190000SQ	0,1635	-
27050A018000080000SZ	0,0336	-	27050A018000180000SG	0,0244	-
27050A018000170000SY	0,0354	-	27050A018000160000SB	0,0384	-
27050A018000150000SA	0,3826	-	27050A018000140000SW	0,2059	-



Superficies (ha)					
Referencia Catastral	Encravados	Non for.	Referencia Catastral	Encravados	Non for.
27050A018000130000SH	0,2057	-	27050A018000120000SU	0,1102	-
27050A018000110000SZ	0,1458	-	27050A018000100000SS	0,0500	-
27050A018000090000SU	0,0390	-	27050A018000070000SS	0,0284	-
27050A018000060000SE	0,0614	-	27050A018000050000SJ	0,0379	-
27050A018000040000SI	0,0994	-	27050A018000030000SX	0,1578	-
27050A015090170000SY	-	1,1749	27050A063000680000SZ	0,1797	-
27050A063000760000SB	0,0935	-	27050A063000730000SH	0,2840	-
27050A063000720000SU	0,1625	-	27050A063000710000SZ	0,0494	-
27050A063000700000SS	0,0676	-	27050A063000690000SU	0,1905	-
27050A063000670000SS	0,1516	-			
Total (ha)				3,4166	12,2071

Non for.: Superficie non forestal definida no art. 2.2 da Lei de Montes de Galicia

Estado legal do predio

• Situación administrativa

O monte Montouto obxecto do presente Instrumento de Ordenación Forestal, atópase na súa totalidade dentro dos límites do Lugar de Vilarmel, Parroquia de Vilarmel (San Lourenzo), no termo municipal de Quiroga, provincia de Lugo. Segundo a información extraída da carpeta ficha do Xurado de Montes, os lindes do MVMC de Montouto son:

Norte: Monte de Outeiro.

Sur: Monte de Cereixido.

Este: Termo municipal de Vilamartín (Ourense).

Oeste: Monte de Paradapiñol. Non existe deslinde administrativo do monte.

Existe un encravado na parte sur do monte como se reflexa na carpeta ficha do monte.

• Pertenza

O predio é propiedade en man común dos veciños do lugar de Vilarmel, como acredita a Resolución do Xurado de Montes en sesión celebrada o 14 de Decembro de 1976.

2.1.4 Ocupacións, cesións, dereitos de superficie, contratos de xestión ou outras posibles afeccións

Xustificación

• Servidumes ou ocupacións

No monte non existen ocupacións.

Na actualidade no monte existen as servidumes de paso polas pistas forestais ós montes doutras localidades, e para o acceso ás propiedades particulares.

Existen as servidumes que establece a Lei de Augas nas marxes de ríos e regatos que discorren polo monte.

• Convenio

Unha parte da superficie do Monte Veciñal en Man Común de Montouto é de xestión pública, través de tres consorcios con número de elenco LU-2078, LU-3145 e LU-3170. Os tres consorcios foron transformados a convenios e



na actualidade están en proceso de cancelación.

• **Outras afeccións**

Subvención

A elaboración do presente documento realizouse mediante unha subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras contidas na ORDE do 28 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018. Polo tanto:

"As subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras contidas nesta orde son incompatibles con calquera outro tipo de axuda que sexa contraria aos obxectivos específicos ou concretos de xestión establecidos para cada superficie de ordenación no instrumento financiado ou as súas modificacións aprobadas.

Esta limitación estará vixente durante un prazo de 5 anos contados a partir da aprobación do instrumento. No caso de proxectos de ordenación, ampliarase ata o termo do plan especial."

Eucalipto

Non se aumentará a superficie de eucalipto.

Hábitats prioritarios

Non figuran actuacións en hábitats prioritarios durante o plan especial.

Proxecto de Ordenación

Este proxecto preséntase como unha modificación do presentado anteriormente que figura con número de expediente XORFOR PO-00011399Z(1.1).

O proxecto con número de XORFOR PO-00011399Z(1.1), non foi aprobado, como consecuencia da declaración desfavorable de impacto ambiental. Durante a tramitación de avaliación ambiental, o órgano sustantivo non lle trasladou ó promotor os informes sectoriais, para poder realizar as modificacións oportunas, dando lugar a unha declaración negativa.

Polo tanto, este proxecto con número de expediente PO-00022014A(1.1) é unha modificación do expediente PO-00011399Z(1.1), para adaptarse ás consideracións e recomendación dos informes sectoriais.

2.1.5 Grado de consolidación da propiedade

Superficies (ha)					
Ref. Cat.	Litixio, dúbida ou conflito	Ref. Cat.	Litixio, dúbida ou conflito	Ref. Cat.	Litixio, dúbida ou conflito
27050A015090210000SG	0,0036	27050A015004500000ST	0,3944	27050A015004490000SM	0,6922
27050A063000740000SW	2,1236	27050A015009490000SB	0,6173	27050A015009570000SL	0,0246
27050A018000330000SR	0,0970	27050A015003940000SD	0,0625	27050A015003930000SR	0,0080
27050A015003920000SK	0,0893	27050A015003870000SM	0,1186	27050A015003860000SF	0,1057
27050A015003850000ST	0,0409	27050A015003840000SL	0,1067	27050A015003820000SQ	0,3290
27050A015009080000SS	0,0430	27050A015009070000SE	0,0211	27050A015009060000SJ	0,0281
27050A015009050000SI	0,0237	27050A015009040000SX	0,0164	27050A015009020000SR	0,1712
27050A015009010000SK	0,1351	27050A015009000000SO	0,1530	27050A015008990000SO	0,3135
27050A015004080000SG	0,0089	27050A015004120000SQ	0,0324	27050A015004110000SG	0,0238



Superficies (ha)					
Ref. Cat.	Litixio, dúbida ou conflito	Ref. Cat.	Litixio, dúbida ou conflito	Ref. Cat.	Litixio, dúbida ou conflito
27050A015004100000SY	0,0191	27050A015004090000SQ	0,0092	27050A015008980000SM	0,0855
27050A015008970000SF	0,0800	27050A015008950000SL	0,0964	27050A015090400000SJ	0,0069
27050A015004070000SY	0,0212	27050A015004060000SB	0,0221	27050A015004050000SA	0,0085
27050A015004040000SW	0,0094	27050A015004030000SH	0,0279	27050A015004020000SU	0,0821
27050A015004010000SZ	0,1161	27050A015004000000SS	0,0178	27050A015003990000SS	0,0626
27050A015003980000SE	0,0691	27050A015003970000SJ	0,0790	27050A015090370000SJ	0,0755
27050A015004240000SD	0,0286	27050A015004230000SR	0,0166	27050A015004220000SK	0,0087
27050A015004210000SO	0,0112	27050A015004200000SM	0,0404	27050A015004190000SK	0,0419
27050A015004180000SO	0,0342	27050A015004170000SM	0,0479	27050A015004160000SF	0,0182
27050A015004150000ST	0,1950	27050A015004140000SL	0,0439	27050A015004130000SP	0,0107
27050A015005030000SB	0,0994	27050A015005020000SA	0,7124	27050A015005000000SH	0,9058
27050A015004450000SP	0,0619	27050A015004440000SQ	0,0485	27050A015004430000SG	0,0476
27050A015009190000SG	0,0199	27050A015009160000SA	0,0966	27050A015009450000SU	0,2331
27050A015009440000SZ	0,4993	27050A015009430000SS	0,4071	27050A015009380000SJ	1,2581
27050A015009150000SW	0,0033	27050A015009120000SZ	0,0159	27050A015009100000SE	0,1011
27050A015003330000SJ	0,0940	27050A015003320000SI	0,1071	27050A062004420000SE	0,0622
27050A062090070000SO	0,0072	27050A015004480000SF	0,4132	27050A015004460000SL	0,0300
27050A063000750000SA	6,2855	-	-	-	-
Total (ha)					18,6785

Xustificación

O límite do monte definiuse partindo do esbozo incluído na carpeta ficha de clasificación, este trazado axustouse á descrición que se inclúe na resolución de clasificación; polo Este, ó termo municipal de Vilamartín de Valdeorras na provincia de Ourense; polo Oeste, ó río Soldón.

Entre comunidades de montes o límite da carpeta ficha practicamente coincide coa superficie que recoñece a comunidade como propia, salvo pequenas zonas que a comunidade non recoñece é consideraranse en litixio ou conflito. Ao sur existe un acordo, ratificado en Asembleas, coa comunidade de montes de Cereixido, polo que se inclúe no instrumento de ordenación de Montouto, unha parte clasificada a nome da comunidade de Cereixido.

As maiores diferenzas entre a superficie clasificada e a considerada como propia atópase nos estremeiros con particulares. Nesta zonas procedeuse da seguinte forma, as superficies utilizadas de forma pública e pacífica pola comunidade incluíronse na superficie de ordenación, o resto clasificáronse en litixio ou conflito.

A pesar dalgunhas discordancias coa superficie de clasificación, pódese afirmar que o grao de consolidación da propiedade é elevado. Aínda que non existe deslinde administrativo.



2.1.6 Cualificación urbanística do solo

Plan xeral de ordenación municipal ou normas subsidiarias de planeamento aos que está suxeito:

- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Quiroga

Limitacións por cualificación urbanística		
Nº	Tipo	Superficie de afectación (ha)
1	Rústico de protección de espazos naturais	1.308,5245
2	Rústico de protección das augas	121,5127
3	Rústico de protección paisaxística	79,0762
4	Dominio público (agás dominio público forestal)	12,2072
5	Rústico de protección forestal	216,7131

1) Xustificación de cara á xestión forestal: Rústico de protección de espazos naturais

O planeamento vixente, hoxe en día, no municipio de Quiroga é O Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Quiroga aprobadas definitivamente o 8 de marzo de 2019, clasificando a superficie do monte como:

- Solo Rústico de Protección Forestal Produtivo (SR/PFP)
- Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SR/PEN)
- Solo Rústico de Protección Paisaxística (SR/PPA)
- Solo Rústico de Protección de Augas (SR/PA)
- Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SR/PIF)

Toda a superficie de monte ten a consideración de monte ou terreo forestal segundo o artigo 2.1 da Lei de 7/2012 de Montes de Galicia, menos as superficies de dominio público.

As afeccións de dominio público son: hidráulico, formada por varios ríos e regatos que atravesan o monte; e de estradas, formada pola vía municipal que atravesa o monte, constituíndo o principal acceso ó lugar de Vilarmel.

2.1.7 Superficie final obxecto do instrumento e referencias catastrais nas que se desglosa

Lista resumo das superficies afectadas polo instrumento de ordenación				
Monte	Tipo	Concello	Nome predio	Superficie afectada
MONTOUTO	M.V.M.C.	QUIROGA, VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	MONTOUTO	1.525,2615

Xestión pública: Non

Superficies (ha)								
Ref. Cat.	Xestión privada (ha)	Servidumes (ha)	Ref. Cat.	Xestión privada (ha)	Servidumes (ha)	Ref. Cat.	Xestión privada (ha)	Servidumes (ha)
27050A015090210000SG	0,1725	-	27050A018090030000SZ	0,6960	0,0212	27050A063090060000SG	0,0723	-
27050A062090130000SD	0,0486	-	27050A015090160000SB	0,1427	-	27050A019000010000SL	8,6142	0,0702
27050A019090020000SR	0,2387	0,0163	27050A015009180000SY	0,1480	-	27050A015009170000SB	2,5699	-
27050A015090140000SW	0,0331	-	27050A063000740000SW	15,9077	0,3621	27050A015009460000SH	84,6862	1,3432
27050A018090050000SH	0,6728	0,0041	27050A015090070000SS	0,3755	0,0020	27050A016090020000ST	0,3757	0,0020
27050A018000310000SO	316,7500	3,0360	27050A017000110000SY	446,4749	11,2567	27050A016000850000SI	252,2065	2,6662
27050A015090220000SQ	0,0901	-	27050A015090190000SQ	0,0721	-	27050A016000330000SB	0,0840	-
27050A016000320000SA	0,1677	-	27050A016000310000SW	0,0325	-	27050A016000300000SH	0,0776	-
27050A016000290000SA	0,1982	-	27050A016000280000SW	0,1766	-	27050A016000270000SH	0,1387	-
27050A015009490000SB	0,1185	-	27050A015009480000SA	4,0400	-	27050A018000360000SI	1,4101	0,2077
27050A018000340000SD	0,9386	-	27050A016090090000SX	0,1139	-	27050A018000320000SK	3,9645	0,2098
27050A015090310000SO	0,2032	-	27050A015090300000SM	0,0768	-	27050A093090640000SM	0,7019	-
27050A018090090000SY	0,0705	-	27050A018090100000SA	0,2673	0,0022	27050A015090280000SO	0,2474	-
27050A017000120000SG	0,0469	0,0356	27050A017000090000SG	0,4901	0,1098	27050A018090080000SB	0,0730	-
27050A018090070000SA	0,3278	-	27050A015009580000ST	0,1399	-	27050A015003960000SI	3,3464	-
27050A015090380000SE	0,0337	-	27050A015090360000SI	0,1121	-	27050A015090080000SZ	0,5690	-
27050A019090030000SD	0,2712	0,0024	27050A019090010000SK	0,0078	0,0011	27050A019000030000SF	0,1083	0,0412



Superficies (ha)								
Ref. Cat.	Xestión privada (ha)	Servidumes (ha)	Ref. Cat.	Xestión privada (ha)	Servidumes (ha)	Ref. Cat.	Xestión privada (ha)	Servidumes (ha)
27050A019000020000ST	35,6816	1,0907	27050A016000120000SM	0,1455	0,0695	27050A015005050000SG	0,2020	-
27050A015005040000SY	0,7908	-	27050A015005020000SA	14,7608	-	27050A015001090000SS	0,2975	-
27050A016000060000SL	0,0385	0,0073	27050A016000050000SP	0,0559	0,0128	27050A015004410000SB	3,4233	-
27050A015004400000SA	0,6404	-	27050A016090010000SL	0,7017	-	27050A016000880000SS	0,0004	-
27050A016000870000SE	0,0693	0,0356	27050A016000840000SX	6,1905	-	27050A016090050000SO	0,1022	-
27050A016090060000SK	0,0216	-	27050A016000860000SJ	10,2098	0,0093	27050A016000260000SU	0,0652	-
27050A016000180000SI	0,3899	0,0963	27050A015009470000SW	0,8560	-	27050A015009420000SE	44,0015	0,5136
27050A015006210000SJ	0,4309	-	27050A015006200000SI	1,6455	-	27050A019090040000SX	0,0351	-
27050A018090110000SB	0,0331	-	27050A018000200000SY	0,0345	0,0366	27050A015090180000SG	0,0316	-
27050A015004480000SF	11,1888	-	27050A015004470000ST	9,0774	-	27050A063090050000SY	0,1339	-
27050A063090040000SB	0,2839	-	27050A063090030000SA	0,0081	0,0012	27050A063090020000SW	0,0065	-
27050A063090010000SH	0,3819	-	27050A063000780000SG	6,9413	-	27050A063000750000SA	199,7993	0,7184
32089A027037720000QS	0,1920	-	32089A027037840000QQ	0,3191	-	32089A027037850000QP	0,0548	-
32089A027090530000QS	0,0051	-	32089A027090490000QE	0,0100	-	32089A027090480000QJ	0,2126	-
32089A027037500000QY	4,9089	-	-	4,9089	-	-	4,9089	-
Total (ha)							1.503,2804	21,9811



PENDENTE DE
 APROBACIÓN



Resumo das superficies do predio (ha)					
Superficie catastral		Superficie real		Superficie allea	
2.351,2627		2.351,8807		792,3170	
Superficie encravados					
3,4166					
Superficie obxecto de actos de disposición (21,9811 ha)					
Cesión	Servidume	Ocupación	Dereitos superficie	Arrendamentos	Outras
0,0000	21,9811	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
Superficie obxecto de contrato xestión pública	Superficie de xestión propia	Superficie en litixio/conflicto/dúbida		Superficie non forestal	
0,0000	1.503,2804	18,6785		12,2071	
Superficie final obxecto do instrumento: 1.525,2615 ha					

PENDIENTE
 APROBACIÓN





3. DESCRIPCIÓN DA ESTACIÓN FORESTAL E LIMITACIÓNS Á XESTIÓN FORESTAL

3.1. MONTOUTO

3.1.1 Descrición do medio. Estación forestal

Orografía e configuración do terreo		Climatoloxía	
Altitude	Pendente	Temp. anual: 12,5 °C	Precip. Anual: 967,4 mm
Máxima: 1.526 m	Máxima: 319,2 %	Temp. mes cálido: 18 °C	Precip. Estival: 85,1 mm
Media: 960 m	Media: 53,36 %	Temp. mes frío: 3,6 °C	
Mínima: 416 m	Mínima: 12,2 %		
Exposición dominante	Clase climática	Ventos dominantes	Estación
Sur	Mediterráneo templado	S 8,73 km/h	CONCHADA (QUIROGA)
Edafoloxía		Pedregosidade e fenómenos erosivos	
Rochas Nai	Profundidade media dos solos	Pedregosidade e afloramentos rochosos	Sup. fenómenos erosivos significativos
Cuarcitas, pizarras, areniscas	40 cm	33,3 %	816 ha
Especies por calidade de estación (opcional)			
Indicadas		Alternativas	
Non procede		Non procede	

Orografía e configuración do terreo

Descrición orografía

O predio presenta una fisiografía moi accidentada, con pendentes moi fortes, e altitudes comprendidas entre os 416 e os 1.526 metros.

Fundamentalmente, está formado polas lombas e ladeiras que baixan ata o lugar de Vilarmel dende as divisorias de auga circundantes, orixinando a conca primaria do río Vilarmel; comprende ademais unha zona ó este, limitando coa provincia de Ourense que é a conca primaria do Regato de Covas que corre cara Cereixido; polo noroeste comprende outra valgada que recolle augas directamente para o río Soldón.

A orientación que impera é Sur.

A elevada pendente nalgunhas zonas do monte será o principal condicionante á xestión forestal, obrigando a execución manual dos traballos planificados durante o plan especial.

A altitude condicionará de forma importante a elección das especies para levar a cabo as reforestacións proxectadas durante o próximo plan especial.

Climatoloxía

Descrición climatoloxía

Para a caracterización do clima elixiuse a estación pluviométrica "Conchada (Quiroga)", por ser a máis próxima á zona e presentar unhas condicións máis adecuadas, existindo unha variación altitudinal de 360 m polo que é necesario realizar unha corrección dos datos.

CARACTERÍSTICAS TERMOMÉTRICAS

O período vexetativo (cando a temperatura media mensual é igual ou superior a 7,5°C) ten unha duración de 9 meses,



dende marzo ata novembro.

As temperaturas medias mensuais oscilan entre os 3,6°C de xaneiro e os 18,0°C de agosto, o que supón unha amplitude térmica de 14,4°C. A amplitude térmica extrema é de 25,4°C.

A máxima temperatura media das máximas absolutas alcánzase en xullo 33,1°C e a mínima temperatura mínima das mínimas absolutas alcánzase no mes xaneiro -5,2°C.

RÉXIME DE XEADAS

Para estudar o réxime de xeadas e clasificar o ano en diferentes períodos segundo a probabilidade de que se produzan, utilízase o método indirecto de Papadakis, é o seguinte:

Para a determinación das estacións empréganse as temperaturas medias de mínimas absolutas (tma). Considerarase que estas se producen o día primeiro do mes cando a marcha das temperaturas é ascendente, e o último día do mes cando diminúen, obtendo os seguintes resultados:

Estación Media Libre de Xeadas: comeza o 20 de abril e remata o 31 de novembro.

Estación Disponible Libre de Xeadas: comeza o 14 de maio e remata o 19 de outubro.

Estación Mínima Libre de Xeadas: non hai período libre de xeadas mínimo, o cal implica un risco mínimo de xeadas durante todo o ano ó non superar os 7°C de temperatura media das mínimas absolutas.

CARACTERÍSTICAS PLUVIOMÉTRICAS

As precipitacións medias mensuais oscilan entre os 131,8 mm no mes de outubro e os 15,3 do mes agosto. A variación entre un e outro é de 116,5 mm. Sendo a precipitación anual de 967,4 mm.

A maior precipitación estacional prodúcese no outono con 330,8 mm, non existe unha concentración das precipitacións en dita estación, os restantes meses do ano reciben unha cantidade apreciable de precipitacións, sendo a mínima no verán con 85,1 mm.

O réxime pluviométrico é mediterráneo.

CARACTERÍSTICAS OMBROMÉTRICAS

Para a determinación do réxime ombrométrico recorreuse ó Diagrama de Gausssen (GAUSSEN, 1945), resultando un período seco de dous meses, xullo e agosto, e un período subseco dende xuño a setembro.

A zona presenta, segundo os valores calculados no estudio climático, seca estival, pero non presenta aridez nin a nivel anual pero si nos meses de xullo e agosto.

Segundo o índice Termopluviométrico de Dantin-Revenga correspóndese cunha **ZONA HÚMIDA**.

CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA

A Clasificación climática segundo Papadakis é **MEDITERRÁNEO TEMPLADO**.

VENTOS

Para a análise do vento utilizáronse os datos da estación meteorolóxica do Courel (Folgozo do Courel), por ser a máis próxima ó monte con datos de vento.

A velocidade media anual é de 8,73 km/h, a velocidade media mensual máxima prodúcese no mes de marzo, 10,3 km/h, e a mínima no mes de setembro 7,96 km/h.

Da observación das velocidades medias, dedúcese que o vento non supón perigo algún para a vexetación arbórea, que é a partir dos 24 km/h cando se empezan a producir danos en cultivos delicados.

O refacho máximo, 109,73 km/h, prodúcese no mes de decembro.

A dirección predominante dos ventos é SUR.



Edafoloxía

Descrición edafoloxía

Segundo o Mapa Xeolóxico de España a escala 1:50.000 (número de follas 190-Oencia e 157- O Barco) o material xeolóxico que dará lugar os solos do montes son" Cuarcitas, pizarras, areniscas," e "Esquistos azulados, cuarzo moscotiva".

Os solos formados sobre estes materiais teñen unha textura fina, son impermeables, o seu contido en base e medio e pH baixo debido o intenso lavado que sofren neste clima.

A profundidade do solo non e moi elevada, sendo moi variable dada a gran superficie que abarca o monte. Pódense diferenciarse dúas zonas: unha ó norte do río Vilarmel, é a zona máis abrupta do monte con fortes pendentes, na cal a profundidade do solo é moi escasa ou mesmo nula o ter grandes afloramentos rochosos (ver plano de limitacións...); e o resto do monte cunha profundidade maior que pode alcanzar os 60 cm nas zonas de menor altitude.

A profundidade do solo xunto coa pendente son os principais condicionantes á xestión forestal, tanto para planificar as novas plantacións forestais como os aproveitamentos da masas existentes.

Naquelas zonas onde a pendente e a profundidade do solo non sexa un factor limitante terán un uso produtivo, e o resto un uso recreativo ou de protección.

Pedregosidade e fenómenos erosivos

Medidas preventivas e correctivas

As características abruptas do terreo condicionarán as actuacións a realizar, imposibilitando actuar nas áreas de maior pendente, e condicionado as actuacións no resto para paliar os fenómenos erosivos.

Nas zonas con fenómenos erosivos máis importantes non se realizarán actuacións durante o plan especial, son zonas cunha función principal protectora.

Con todo, existen zonas onde pode existir un risco de erosión, dado que as pendentes son pronunciadas, isto obriga a que se adopten á hora de organizar as operacións, nestas zonas, as seguintes medidas preventivas e correctivas:

- Aumento da superficie forestal, as raíces das árbores manteñen unidas o solo e as follas bloquean a choiva para impedir que rompan o solo.
- Para a preparación do terreo optaranse por métodos como a preparación puntual, que teñen menor incidencia nos fenómenos erosivos.
- Traballar sempre que a pendente e a maquinaria o permita en curvas de nivel.
- Á hora de realizar as rozas cando exista risco de erosión efectuaranse por faixas ou puntuais.
- En canto ás claras, nestas zonas onde hai risco de erosión deberán ser moderadas, sendo o tipo máis adecuado para a protección do solo as claras polo baixo e tamén mixtas, mantendo certa espesura no estrato dominado.
- No referente as cortas de rexeneración o solo debe estar desprovisto de vexetación o menor tempo posible para evitar o aumento do risco de erosión. Por iso, unha vez extraída a masa recorrésese a plantación artificial inmediatamente se se aprecia que a rexeneración natural non é viable.

Descrición pedregosidade

A pedregosidade constitúena os afloramentos rochosos, os cales se concentran maioritariamente ó norte do río Vilarmel, unha orografía bastante accidentada con fortes pendentes, maiores do 100%. Sendo un limitante á xestión forestal nesta zona. Na restante superficie a pedregosidade é media. Nestas zonas de afloramentos rochosos implantarse un cuartel protector.



3.1.2 Limitacións bióticas e abióticas

Non se introduciu información no apartado por non ser aplicable a este monte

3.1.3 Limitacións á xestión en espazos suxeitos a algún réxime de protección especial ou de xestión

a) Posición hidrográfica Demarcación Miño-Sil / Confederación Miño-Sil							
Nº	Bacía	Curso	DPH	Servidumes	Policía	ARPSI	Fluxo preferente
1	Soldón (Miño)	REGUEIRO DE VAL DA COVA	1,1304	3,2004	60,8121	0	0
2	Soldón (Miño)	SIN NOME	3,0150	8,8426	157,0340	0	0
3	Soldón (Miño)	REGUEIRO DE PALÓN	2,1220	3,4539	60,4900	0	0
4	Soldón (Miño)	RÍO DE VILARMIEL	2,2409	5,3714	129,2382	0	0
5	Soldón (Miño)	CARROZO DE PAÍNZO	0,0297	0,0287	0,5549	0	0
6	Soldón (Miño)	RÍO DO SOLDÓN	2,0018	0,7474	13,9534	0	0
7	Soldón (Miño)	RÍO NEGRO	0,4870	0,3365	6,1270	0	0

Xustificación global da limitación de cara á xestión forestal:

Limitacións hidrográficas A totalidade dos terreos do monte forman parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, dentro da bacía do Miño e Subbacía do Soldón .Os leitos fluviais existentes no entorno do monte condicionan a xestión forestal nos seguintes termos:

- Como norma xeral respectarase o dominio publico hidráulico e as da zona de servidume.
- Realizaranse cortas, neste caso claras e cortas de rexeneración, da especie arbórea *Pinus pinaster* , en zonas de policía de augas fóra do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume.
- Realizaranse labores silvícolas na zona de policía de augas fóra do dominio público hidráulico e a súa zona de servidume, consistente na realización de rareos, podas ,rozas e tratamentos de restos de corta segundo marca o plan especial.
- Realizaranse labores de reforestación con *Pinus sylvestris* e *Prunus avium* en zonas de policía, cumprindo o establecido no Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; ou a lei vixente nese momento; as distancias mínimas que deben respectar as novas plantacións forestais ós leitos dos ríos fluviais de 2 metros de largo. Sendo a distancia de 5 metros cando se empregan as especies de frondosas do anexo I e 15 metros cando se empregan o resto das especies, contados dende o dominio público.
- Na zona de policía establécense as seguintes condicións:
 1. Cortaranse primeiro as árbores mortas, enfermas, seriamente danadas ou que a súa estabilidade sexa comprometida.
 2. Terase especial coidado en non danar o resto do arborado da zona cando se realicen os traballos de corta.
 3. Prohíbese acumular sustancias calquera que sexa a súa natureza e lugar onde se depositen que constitúan ou poidan constituir un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) e o de degradación do seu entorno.
 4. Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, agás que se conte coa previa autorización de Aguas de Galicia.Non existen na superficie para ordenar Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIS).



b) Espazos naturais protexidos, LIC, ZEPAS

Nº	Figura	Nome do espazo	Superficie de afectación (ha)
1	ZEPVN	Os Ancares-O Courel	1.307,4457
2	ZEC	Ancares - Courel	1.307,4124
3	Hábitats prioritarios	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior	0,2021

Xustificación global da limitación de cara á xestión forestal:

Limitacións por espazos naturais protexidos

A maior parte do predio está dentro da Rede Natura 2000, formando parte da Zona de Especial Conservación *Ancares-Courel*, dentro deste ZEC atópase zonificado como "Zona 2 Área de Conservación" e inclúe territorios cun valor de conservación, moi alto, alto e medio segundo "Anexo VI: Espazos das Áreas de Montaña" do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Coas actuacións planificadas no presente Proxecto de ordenación preténdese garantir a persistencia, continuidade e a calidade dos elementos que no seu día foron precursores desta catalogación.

Os hábitats maioritarios no monte son: 4030 "Queirogais secos europeos"; 8230 "Rochedos silíceos con vexetación pioneira"; entre outros.

As principais limitacións son:

- Ao fin de evitar afeccións aos hábitats de interese comunitario e tendo en conta as directrices de conservación para a xea que establece o Plan Director **preservarase, dentro de Rede Natura, a vexetación natural nas superficies onde o terreo presenta pendentes superiores o 50%**. Fóra de Rede Natura, nos terreos con maiores pendentes, a aplicación de medidas encamiñadas á frear os procesos erosivos, tales como a preparación puntuais do terreo.
- Como criterio xeral, no emprego de maquinaria para a realización das labores forestais seguiranse as seguintes normas:
 - En pendentes maiores do 50% evitarase o uso de maquinaria autopropulsada sobre o terreo.
 - En pendentes comprendidas entre o 30% e o 50% poderá utilizarse maquinaria para realizar ocós, rozas, desembosque e saca.
 - En pendentes inferiores o 30% permitirase o emprego de maquinaria, aínda que non se poderán realizar traballos forestais impactantes para o solo e para a paisaxe como, subsolado con vertedeira, aterrazado ou acabalonados.
 - Permitirase o emprego de maquinaria manual en calquera tipo de pendente.
- Respectarase a vexetación autóctona, especialmente en valgadas, ribeiras e zonas húmidas.
- Desenvolveranse as medidas necesarias para a prevención e extinción dos incendios forestais dentro do predio, procurando que as actuacións minimicen o impacto paisaxístico.
- As rozas e traballos executados con maquinaria, preparación do terreo, non se poderán realizar dende o **01 de abril ata o 15 de xuño**, co obxectivo de reducir os efectos negativos sobre as especies de fauna presentes na contorna.
- Dada a situación de actuación nunha zona limítrofe, a área tipificada como potencial para o oso pardo (*Ursus arctos*), e con avistamentos nas proximidades, deberanse ter en conta os requirimentos da especie á hora de establecer a plantación, introduciranse castaño e cerdeira.
- A introdución de especies autóctonas produtoras de froito podería ter efectos beneficiosos; tanto polo creación de novos nichos ecolóxicos, como polo aumento da dispoñibilidade de alimentación para diversas especies de fauna, tales como o oso pardo.
- Favorecerase as cortas por aclareo sucesivo uniforme, por mouteiras ou por faixas, sempre que sexa posible, así como técnicas pouco impactantes co medio.
- Reforestaranse 61,487 9ha, polo que ao superar as 10 ha, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, implica a necesidade de someter o proxecto ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria.



Dito proxecto encádrase no Anexo I, grupo 9, e no apartado a) 2º "Proxectos para destinar áreas seminaturais á explotación agrícola ou aproveitamento forestal madeireiro que implica a ocupación dunha superficie maior de 10 ha", cando se desenvolvan en Espazos Naturais Protexidos, Rede Natura 2000, e Áreas protexidas por instrumentos internacionais.

- Extremaranse as precaucións para que os traballos programados non alteren ou afecten ás especies protexidas no catálogo galego ou nacional de especies ameazadas ou aquelas outras que teñan algún grao de protección pola lexislación vixente.
- Para conseguir a integración da paisaxe, os depósitos deberán ir recubertos por algún material propio do entorno, neste caso pedra, de maneira que non sexa visible ningún muro de formigón. O peche exterior obrigatorio para evitar caídas de animais, realizarse con materiais tradicionais empregando madeira nos postes.
- Nos depósitos, a captación de auga non afectará a vexetación de ribeira existente á beira dos cursos de auga. Para evitar repercusións negativas para a conservación dos hábitats e das especies, a captación aproveitará soamente unha parte do caudal existente, manténdose sempre auga circulando polo curso natural augas abaixo do punto de captación. Nas zonas onde cartografadas como hábitats prioritarios non se vai realizar ningunha actuación.

c) Delimitación de superficies incluídas nas zonificacións declaradas nos plans de conservación ou recuperación establecidos para especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas.

Nº	Nome da especie	Categoría	Superficie de afectación (ha)
1	Emys orbicularis	En perigo de extinción	0

Xustificación global da limitación de cara á xestión forestal:

Limitacións por especies ameazadas

A totalidade da superficie do predio Montouto está incluída na zonificación "Áreas de distribución potencial" establecido no Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L) en Galicia, aprobado polo Decreto 70/2013, do 25 de abril.

A área de distribución potencial defínese como a área que polas súas características naturais e estado de conservación reúne condicións como hábitat da especie.

Os principais problemas ós que se enfrenta a especie en Galicia son:

- A introdución de especie exóticas.
- A súa captura como mascotas.
- Molestias directas na zona sensible: pesca, labores de roza na marxe das charcas e ríos que posúen poboacións, creación de novas vías de acceso.
- Destrucción dos hábitats. No superficie de ordenación non se ten constancia da presenza desta especie durante as visitas a campo efectuados. Non obstante, debido a que forma parte da súa área de distribución potencial, antes de iniciar os traballos no suposto de observar a súa presenza, tomaranse as medidas legais que sexan necesarias. As actuacións que están planificadas para a xestión do monte son compatibles coa conservación e recuperación desta especie.

Ademais, manteranse as matogueiras próximas ós cursos de auga, onde estes animais estiban e hibernan.



e) Existencia de elementos incluídos no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

Nº	Tipo	Código	UTMX	UTMY	Superficie de afectación (ha)
1	Outras figuras de Bens Patrimoniais		652805	4705642	0,9634
2	Outras figuras de Bens Patrimoniais		652312	4705703	0,8124
3	Outras figuras de Bens Patrimoniais		652282	4705715	0,8143
4	Outras figuras de Bens Patrimoniais		652339	4705704	0,8089
5	Outras figuras de Bens Patrimoniais		654237	4705492	1,0575
6	Outras figuras de Bens Patrimoniais		654312	4705495	1,0575
7	Outras figuras de Bens Patrimoniais		654615	4705560	1,2267
8	Outras figuras de Bens Patrimoniais		654576	4705548	1,2267

Xustificación global da limitación de cara á xestión forestal:

Limitacións por patrimonio cultural

Dentro da superficie de ordenación atópanse dúas tipoloxías do patrimonio etnográfico, por un lado cinco alvarizas clasificadas como Ben Etnográfico e por outro lado un conxunto de alvarizas clasificadas como Conxunto Arquitectónico, catalogado todo no PXOM de Quiroga, aprobado o 8-03-2019.

As alvarizas son construcións a ceo aberto, con muros circulares de mampostería de xisto á vista, edificadas segundo a pendente do terreo, na súa parte alta ten unhas grandes lousas saíntes cara o exterior. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña como función protexelas colmeas contra as incidencias do tempo e depredación animal, fundamentalmente no oso. Atópanse orientadas ao nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación terreo natural.

- **AL-25: Alvariza preto de Vilarmel 1.**

Presenta un regular estado de conservación xa que a causa de atopase en desuso, hai moita vexetación no seu exterior e interior.

- **AL-26: Alvariza preto de Vilarmel 2.**

Presenta un regular estado de conservación aínda que ten colmeas no seu interior pero están en desuso, hai vexetación no seu exterior e interior.

- **AL-27: Alvariza preto de Vilarmel 3.**

Presenta un regular estado de conservación xa que está en desuso e hai vexetación no seu interior e faltan parte dos muros na zona sur.

- **AL-28: Alvariza preto de Vilarmel 4.**

Presenta un regular estado de conservación xa que está en desuso e hai moita vexetación no seu interior e exterior.

- **AL-29: Alvariza preto de Vilarmel 5.**

Presenta un bo estado de conservación e está en uso actualmente.

- **CX-10: Conxunto Alvarizas preto de Rugando**

O conxunto presenta un regular estado de conservación, xa que ó estar en desuso no interior está todo cuberto de vexetación e, ademais hai zonas dos muros que se atopan derrubadas.

Na superficie cartografada no PXOM como Contorno de protección de cada unha das alvarizas, non se realizara ningunha actuación durante o próximo plan especial.

Se ademais, durante os traballos se afloran novos bens de interese cultural non catalogados, a comunidade propietaria



comprométese a informar de inmediato ó organismo competente.

1) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

AL-25: Alvariza preto de Vilarmel 1

2) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

CX-10: Conxunto Alvarizas de Rugando

3) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

CX-10: Conxunto Alvarizas de Rugando

4) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

CX-10: Conxunto Alvarizas de Rugando

5) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

AL-26: Alvariza preto de Vilarmel

6) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

AL-27: Alvariza preto de Vilarmel

7) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

AL-29: Alvariza preto de Vilarmel 5

8) Descrición: Outras figuras de Bens Patrimoniais

AL-28: Alvariza preto de Vilarmel 4

PENDENTE DE APROBACIÓN

i) Outras superficies afectadas dalgún réxime legal de especial protección

Nº	Descrición actuación	Figura	Sector	Superficie de afectación (ha)	UTMX	UTMY
1	AVIFAUNA	Avifauna	Zona de protección de Avifauna	783,5390	-	-
2	AVIFAUNA	Avifauna	Zona de protección de Avifauna_Área prioritaria de Avifauna	783,5390	-	-
3	PENDENTE			1.525,2606	-	-



Xustificación global da limitación de cara á xestión forestal:

Outras limitacións: AVIFAUNA e PENDENTE

1) Xustificación de cara á xestión forestal: AVIFAUNA

- Avifauna

Unha zona do monte forma parte da área prioritaria para avifauna en Galicia en base ao artigo 4.1 do Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, aínda que esta inclusión non supón ningunha limitación á hora da planificación das actuacións a realizar.

3) Xustificación de cara á xestión forestal: PENDENTE

• **Pedregosidade e Altas pendentes**

As principais limitacións á xestión forestal no monte son os afloramentos rochosos e as elevadas pendentes. Estas zonas, situadas na súa maioría ao norte do río Vilarmel, non son aptas para a produción de madeira. Condicións que levan consigo a delimitación do monte en dúas zonas: unha na cal o uso prioritario será a produción madeira; e outra a conservación dos valores naturais do monte.

2029	2029	002	003	001	Clara	72,17 m³	2.309,44	0	Media
2029	2029	002	005	002	Roza mecanizada	9,83 ha	0	2.238,59	Alta
2029	2029	002	005	002	Reposición de marras de coníferas	9,83 ha	0	3.145,60	Alta
2029	2029	003	003	002	Roza frondosa	9,10 ha	0	3.638,24	Media
2029	2029	003	003	002	Poda de formación	9,10 ha	0	4.624,20	Media
2029	2029	003	003	006	Roza mecanizada	9,46 ha	0	2.579,89	Media
2029	2029	003	003	006	Reposición de marras de coníferas	9,46 ha	0	3.027,04	Media
2029	2029	003	003	007	Roza mecanizada	9,82 ha	0	1.895,88	Media
2029	2029	003	003	007	Reposición de marras de coníferas	9,82 ha	0	2.224,48	Media
2029	2029	005	000	003	Roza mecanizada con rozadora de cadenas ou similar a Faixas auxiliares a pista	3,76 ha	0	1.539,85	Baixa

MONTOUTO. Programa de actuacións.									
Ano inicio	Ano final	Cuartel	UO	UA	Tipo de actuación	Valor da medición	Ingreso previsto (€)	Investimento previsto (€)	Prioridade
2029	2029	005	000	004	Roza mecanizada con rozadora de brazo ou similar a Faixas auxiliares a pista	4,46 ha	0	2.183,85	Media

Actuacións xerais no instrumento						
Ano inicio	Ano final	Tipo de actuación	Valor da medición	Ingreso previsto (€)	Investimento previsto (€)	Prioridade
2020	2022	Deslinde e posterior amollonamento: Contratación do servizo a terceiros para o deslinde e amollonamento	1.136,00	0	4.000	Alta
2020	2022	Deslinde e posterior amollonamento: Contratación do servizo a terceiros para a revisión do esbozo	1,00	0	950	Alta
2029	2029	Redación ou actualización do instrumento de ordenación ou de xestión	1,00	0	15.000	Alta



PENDENTE DE APROBACIÓN



Descrición das actuacións

Á hora de programar as actuacións durante o próximo plan especial tívose en conta as particularidades do monte, tales como:

- Localización nunha zona de montaña de difícil acceso.
- Orografía abrupta do terreo.
- A falta de xestión sobre as masas arboradas nos últimos anos.
- A inclusión da maior parte do monte en Rede Natura 2000.
- Necesidade de acceder a subvencións.
- Todo isto levounos a tomar as seguintes decisións:

- Cortas:

As condicións do terreo xunto con superficies non moi grandes de aproveitamento, obriga a agrupar as cortas con aproveitamento económico, ó mesmo tempo para reducir os custos e aumentar a rendibilidade dos aproveitamentos, sempre que sexa posible.

As actuacións a realizar sobre a masa desvíanse un pouco dos modelos silvícolas PP1, estrato 04, PP2, estratos 01 e 02, e PS1 no estrato 03, optouse por este modelo por ser os que máis se asemellan ó monte, dado que en moitas zonas do monte non se realizaron ningún tipo de labores silvícolas nos últimos anos. Considérase sen embargo, que segundo se vaia avanzando no cumprimento da ordenación íranse adecuando aos modelos establecidos. A pesar destas pequenas desviacións do modelo, non se considera necesario propor un novo e diferente dado que coa xestión proposta o monte irá cumprindo as prescricións deste

- Reforestacións

A necesidade de acceder a liñas de subvención que lle permitan realizar estes traballos, dado que ata o último ano do plan especial non se prevé a obtención de ingresos por cortas.

No momento da execución das mesmas establecerase a necesidade de crear unha área de defensa contra incendios ó redor da plantación, executarase mediante roza, nunca mediante decapado ou outra labor que afecte ó solo.

- Infraestruturas e Redes de Xestión de Biomasa

De forma xeral programáronse o mantemento destas áreas cada catro anos, no plano de actuacións propóñense de forma orientativa os anos de actuación das mesmas, e será o criterio do técnico o que determine finalmente, en función do estado das faixas, o que determina a prioridade das actuacións anualmente.

No que respecta as vías forestais, debido o uso que se poida facer destas, pode ser recomendable o replaneamento da caixa con motoniveladora dalgúns pistas presentes no monte, dita actuación non se atopa vinculada a ningunha pista en concreto e as pistas sobre as que se deba realizar dita actuación será criterio do técnico en cada momento.

Non é posible prever con antelación nesta previsión de actuación os danos que sufriran as pistas por mor do uso e das inclemencias meteorolóxicas.

Polo que todas as operacións veranse condicionadas ás ordes de axudas anuais.





ANEXO DOCUMENTAL I: METODOLOXÍA CÁLCULOS E XUSTIFICACIÓN

Consultar documentación achegada ao instrumento PO-00022014A(1.1)

ANEXO II: ADHESIÓN A BOAS PRÁCTICAS

A persoa xestora forestal comprométese a cumprir boas prácticas forestais segundo o establecido no Anexo II da Orde de 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas para os distritos forestais de Galicia.

Así mesmo comprométese a cumprir a maiores do descrito na Orde de 19 de maio de 2014 as seguintes:

Pragas e enfermidades

Seguimento e control da avaliación das masas para detectar a presenza de pragas ou enfermidades.

Extraer aquelas plantas ou produtos forestais que, polo seu sintomatoloxía, puidesen constituír un risco de praga ou enfermidade

Comunicar ao órgano que corresponda da administración competente en materia de montes toda aparición atípica de organismos nocivos ou de síntomas de enfermidade nas masas forestais.

Eliminar ou extraer do monte, cando tecnicamente fose posible, os restos dos tratamentos silvícolas ou aproveitamentos forestais que supuxesen un risco pola posible aparición de pragas ou enfermidades forestais.

Executar ou facilitar a realización das medidas fitosanitarias que a administración competente en materia de montes determine como consecuencia da declaración de existencia oficial dunha praga ou enfermidade forestal.

Á hora de realizar unha repoboación seleccionar material xenético adecuado, seleccionar material de plantación san, seleccionar especies e variedades resistentes ou menos susceptibles ás pragas ou enfermidades.

Entre os tratamentos para aplicar para combater unha praga pódense empregar o control biolóxico e trampas de feromonas.

Planificarase o calendario de actuacións (podas, claras e rareos) en función da especie e dos obxectivos da mesma evitando na medida do posible as épocas coincidentes coa maior actividade dos patóxenos así como de sensibilidade da planta aos mesmos.

Realizar preferiblemente a poda de ramas verdes durante os períodos de menor actividade da planta (inverno ou parada do verán) e dos patóxenos, por ter un menor risco sanitario.

Evitar as prácticas silvícolas de fomenten a aparición ou proliferación de pragas ou enfermidades como a queima de restos ou o abandono de pólas cun diámetro superior a 6cm sen triturar.

Empregar técnicas e ferramentas adecuadas para cada actuación.

Consultar o Manual Referente de Boas Prácticas Forestais.

As ferramentas deben estar limpas e en correcto estado de mantemento para que non provoquen risco sanitario e minimices a superficie de poda afectada.

Incendios

As rozas mecanizados realizaranse preferentemente fora da época de alto risco de incendio, ou no seu caso con maquinaria dotada cos sistemas de retención necesarios. En todo caso evitarase o vertido de residuos forestais (lubricantes, gasóleo) e aquelas labores forestais que poidan aumentar o risco de incendios.

O residuos forestais eliminaranse preferentemente mediante trituración dos mesmos, ou serán apilados en cordóns



entre las liñas de plantación ou en cargadeiro.

Sinalizar debidamente a área onde se van realizar os traballos de forma previa.

Respectar sempre as normas de prevención de incendios forestais coa maquinaria e as de seguridade e hixiene no traballo.

Velar para que tódolos axentes involucrados na xestión forestal sustentable coñezan, se formen e cumpran coa lexislación vixente aplicable, especialmente aquela de carácter ambiental e de seguridade e saúde.

Cumprimento das distancias mínimas, legalmente establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deben respectar as repoboacións forestais e os rexenerados naturais.

Cumprir coas obrigas en materia de redes de faixas da biomasa establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril. Consultar o Manual Referente de Boas Prácticas Forestais

Outras especificacións

- Medidas prevención fronte outros riscos naturais Favorecer a utilización de vías de saca sen realizar movementos de solo, minimizando o impacto sobre o medio, os recursos hídricos e a masa forestal.

Realizar as actividades de mantemento de maquinaria e carga de combustible ou produtos químicos nas áreas sinaladas, evitando a contaminación do medio.

Minimizar o tamaño dos cargadeiros a fin de evitar ter grandes superficies inforestais, non necesarias.

<![endif]>

Documento visado electrónicamente con
número: 190632.Código validacion web: 92339459r00w2345191211<o:p>

<![if !mso]>

Os traballos suspenderanse en períodos de choivas intensas ou tras continuados días de choiva nos que se prevexa que o chan poida quedar saturado, con obxecto de evitar a xeración de lameiras e arrastres de sólidos, deixando un prazo adecuado para que se produza a drenaxe e diminución da saturación de auga no terreo antes de retomalos. Apilar a madeira e os restos de corta a máis de 15 metros da canle para evitar arrastres en caso de fortes precipitacións, e recolleranse no menor prazo posible.

Os cargadeiros de madeira non se localizarán nas proximidades do río e arrosios.

Preferentemente, empregarase maquinaria con pneumáticos, se é posible, de baixa presión para evitar rodadas e compactación do chan.

Para o engraxe da maquinaria empregarase preferentemente aceite biodegradable (UNE-NISO 9888) compatible coa conservación da calidade das augas e do chan.

Os traballos de mantemento ou reparación de maquinaria realizaranse en talleres ou instalacións adecuadas fóra da zona de policía, adoptando as medidas correctoras precisas para evitar a afección ao dominio público hidráulico. Os residuos xerados xestionaranse conforme á lexislación vixente mediante xestor autorizado.

Utilizar as especies arbóreas máis axeitadas á estación forestal e material reprodutivo que terá identificada a súa orixe e procedencia, sendo aconsellable, sempre que sexa posible, cando menos material selecto.

Igualmente darase cumprimento en materia de procedencia (artigo 112.4 da Lei 7/2012), calidade exterior do material e sanidade vexetal, debendo sempre dispor do documento provedor e pasaporte fitosanitario correspondente.



ANEXO III: MODELOS SILVÍCOLAS

Modelo PP1. Tipo Orientativo

Obxectivo: Máxima produtividade de madeira. Trituración e algo de serra. Pinus pinaster Ait.

Especies no modelo: Piñeiro do país (Pinus pinaster Ait.)

Distritos aos que aplica: Todos

Rexeneración

Marco densidade plantación / Tipo rexeneración:

3 metros (en adiante m) entre liñas como mínimo \times 2 m entre plantas, 3 m \times 2,5 m, 3 m \times 3 m, que son 1.670, 1.330 e 1.110 plantas/hectárea (en adiante ha) respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.

Mantementos:

Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Cando se acuda á rexeneración natural e sempre que a densidade mínima de planta viable supere os 1.500 pés por hectárea ben espallados e con vigor suficiente deberase realizar, entre os 3-6 anos, un rareo sistemático (por rúas e entre rúas), ou manual (se non é posible a mecanización das rúas) que adecúe a densidade final á sinalada neste modelo. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixa en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.

Tratamentos silvícolas

Podas/Tallas:

Poda baixa (2 m) cando a altura é de 5-7 m e o diámetro normal medio de 10 cm.

Clareos:

8-10 anos. Densidade de 1.000-1.200 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominados e con defectos). Opcional. Evitable se a densidade de partida é inferior a 1.600 pés por ha. Posibilidade dun rareo enerxético en masas con suficiente densidade. Se é rexenerado natural, facer arredor dos 2-5 anos rareo-roza sistemático por faixas e selectivo na interfaixa ou manual (se non é posible a mecanización das faixas), ata deixar unha densidade de 1.000-1.400 pés/ha, de forma gradual se hai problema de vento forte ou a densidade inicial era moi elevada.

Claras:

Primeira clara polo baixo e selectiva ata deixar uns 750-900 pés/ha de árbores de porvir (10-20 anos), peso do 30 ao 50 % dos pés, atendendo a riscos de derribo por vento ou procedencia de elevado rexenerado natural débese moderar o peso ata o 20 % (900-1.100 pés/ha), con posibilidade de execución semisistemática. Segunda clara opcional, deixando uns 650-700 pés/ha (20-25 anos) no caso de que a porcentaxe de serra así o xustifique ou no caso de que sexa necesaria esta segunda clara co fin de obter 750-900 pés/ha (como consecuencia dunha primeira clara moderada).



Corta final de rexeneración

Idade corta: 30-35 anos.

Métodos corta: Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés por ha durante 5-10 anos). Evitar cortas a feito nun tempo de superficies superiores a 5 ha.

Modelo PP2. Tipo Orientativo

Obxectivo: Madeira para trituración, serra e chapa. (400) 550-700 pés de calidade/ha en corta final. Pinus pinaster Ait.

Especies no modelo: Piñeiro do país (Pinus pinaster Ait.)

Distritos aos que aplica: Todos

Rexeneración

Marco densidade plantación / Tipo rexeneración:

3 m (entre liñas como mínimo) × 2 m (entre plantas), 3 m × 2,5 m, 3 m × 3 m, que son 1.670, 1.330 e 1.110 plantas/ha respectivamente. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.

Mantementos:

Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Cando se acuda á rexeneración natural e sempre que a densidade mínima de planta viable supere os 1.500 pés por hectárea ben espallados e con vigor suficiente deberase realizar, entre os 3-6 anos, un rareo sistemático (por rúas e entre rúas), ou manual (se non é posible a mecanización das rúas) que adecúe a densidade final á sinalada no presente modelo. Opcional utilización de fertilización (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.

Tratamentos silvícolas

Podas/Tallas:

Poda baixa (3 m) cando a altura é de 5-7 m e diámetro normal medio de 10 centímetros (en adiante cm) nos 1.000-1.200 pés/ha restantes tras o rareo. Poda alta ata 6 m (necesaria en plantacións, evitable en montes que proveñen de rexeneración natural e con boa poda natural) cando os pés alcancen unha altura total de 12-15 m, diámetro normal de 18 cm. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final. Intensidades de corta entre 1/3 e 1/2 da altura total da árbore.

Clareos:

8-10 anos. Deixar uns 1.000-1.200 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominados e con defectos). Se é rexenerado natural, facer arredor dos 2-5 anos rareo-roza sistemático por faixas e selectivo na interfaixa ou manual (se non é posible a mecanización das faixas), ata deixar unha densidade de 1.000-1.400 pés/ha, de forma gradual se hai problema de vento forte ou a densidade inicial era moi elevada.

Claras:

Primeira clara ata deixar uns 750-900 pés/ha (15-20 anos). Segunda clara, deixando 550-700 pés/ha (20-30 anos). Terceira clara opcional, no caso de que a calidade da madeira o aconselle, deixando 400-500 pés/ha (25-35 anos). Atendendo a riscos de derribo por vento ou procedencia de elevado rexenerado natural moderar o peso das claras facendo tres, a primeira deixando (900-1.100 pés/ha), a segunda ata os 750-900 pés/ha e a terceira clara co fin de obter 550-700 pés/ha.



Corta final de rexeneración

Idade corta: 35-50 anos (menor queda en mellores calidades de estación).

Métodos corta: Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés por ha durante 5-10 anos).

Modelo PS1. Tipo Orientativo

Obxectivo: Madeira de calidade. Serra e desenvolvemento. *Pinus sylvestris* L

Especies no modelo: Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris* L.)

Distritos aos que aplica: VII - A FONSAGRADA / OS ANCARES, VIII - TERRA DE LEMOS, IX - LUGO / SARRIA, X - TERRA CHÁ, XI - O RIBEIRO / ARENTEIRO, XII - MIÑO / A ARNOIA, XIII - VALDEORRAS / TRIVES, XIV - VERÍN / VIANA, XV - A LIMIA, XVI - DEZA / TABELIRÓS, XVII - O CONDADO / A PARADANTA

Rexeneración

Marcos densidade plantación / Tipo rexeneración:

3 a 3,5 m (entre liñas). Densidades entre 1.100 e 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.

Mantementos:

Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Fertilización de implantación necesaria (N,P,K), baixa en nitróxeno, granulada soluble ou de liberación gradual, aplicación conforme o tipo de fertilización empregada.

Tratamentos silvícolas

Podas/Tallas:

Poda baixa (2 metros) cando o diámetro normal medio é de 10 cm. 40 anos, sobre árbores de porvir, en número de 250-450 pés por hectárea, aos cales se lles realizará unha poda alta ata 8 metros.

Clareos:

Durante o primeiro ano, no caso de rexeneración natural, ata deixar a densidade e marcos desexados. 15-30 anos, realizaranse un ou dous rareos ata unha densidade de 750-900 pés/ha.

Claras:

30 a 50 anos, realizaranse claras cada 5-8 anos. 50 a 80 anos, realizaranse claras cada 8-10 anos.

Corta final de rexeneración

Idade corta: 60-100 anos (dependendo da calidade de estación).

Métodos corta: Cortas a feito, cortas por aclareo sucesivo uniforme ou cortas por entresaca en montes protectores.

Modelo PA1. Tipo Orientativo

Obxectivo: Serra e chapa (100-150 pés de calidade). *Prunus avium* L.



Especies no modelo: Cerdeira (*Prunus avium* L.)

Distritos aos que aplica: Todos

Rexeneración

Marco densidade plantación / Tipo rexeneración:

Densidade de plantación recomendable entre 1.100-1.600 plantas por ha en función da calidade do terreo. Pódense aceptar densidades menores (en torno a 800-850 plantas/ha) condicionando unha maior intensidade silvícola ou incluso de 400 plantas/ha de introducir material cualificado de alta calidade (etiqueta rosa ou azul). Non deben realizarse plantacións monoespecíficas extensas por ser unha especie vulnerable a moitas enfermidades. É posible mesturalo con coníferas (dado o seu rápido crecemento inicial) ou con outras frondosas, debendo preferirse as que teñan unha similar pauta de desenvolvemento. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.

Mantementos:

A intensidade de coidados de mantemento será necesariamente alta, con fertilización (N,P,K) baixa en nitróxeno de liberación gradual e rozas frecuentes, estes últimos mecanizados (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación.

Tratamentos silvícolas

Podas/Tallas:

Fanse tallas de formación a partir do segundo ano e ata os sete anos. Preselección de 250-300 pés/ha. Poda baixa entre os 8-15 anos cando as árbores acaden os 4-6 metros de altura. Poda alta sobre os mellores 100-150 pés/ha.

Clareos:

En función da densidade inicial poden ser necesarios ou non. De ser necesario farase aos 10 anos deixando unha densidade final entre os 500-600 pés/ha.

Claras:

A primeira clara recoméndase aos 15-20 anos eliminando unha terceira parte do arboredo deixando uns 250-300 pés/ha (preseleccionados na talla de formación). Será unha clara polo baixo. A rotación das claras será cada 5 a 7 anos até os 35-40 anos e perseguirán un fuste limpo duns 8 -10 m nas árbores de porvir seleccionadas (100-150 pés/ha) con copa equilibrada e desenvolvida, para o que se requiren claras vigorosas. Aconsellable entre a última clara e a corta final que pasen entre 7-10 anos para favorecer a duraminización do tronco nas árbores destinadas á produción de chapa. Alternativamente poderase modificar este modelo cunha nova e última clara aos 45 anos até deixar uns 70-90 pés/ha, debendo nestes casos alongar a quenda de corta até os 55 anos.

Corta final de rexeneración

Idade corta: 40-50 anos.

Métodos corta: Corta a feito acorde co seu carácter heliófilo.



Modelo CS1. Tipo Orientativo

Obxectivo: Madeira de calidade. Castanea sativa Miller (> 550 m.). Castanea x hybrida (altitudes menores)

Especies no modelo: Castanea sativa Miller (altitude>550 m), Castanea x hybrida (altitudes<550)

Distritos aos que aplica: Todos

Rexeneración

Marco densidade plantación / Tipo rexeneración:

Plantación de alta densidade para madeira: 815-1.430 pés/ha (3.5 x 2 m; 3.5 x 3 m; 3.5 x 3.5 m e 4 x 2 m). Deixar 3,5 m nunha das direccións para mecanizar. Para madeira é a máis aconsellada. Plantacións de baixa densidade para madeira: 400-625 pés/ha (5 x 5 m a 4 x 4 m). Exixe o uso de material de excelente calidade xenética e morfolóxica (seleccionado en Castanea sativa e controlado en Castanea hybrida). Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.

Mantementos:

Mecanizado entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico consonte lexislación.

Tratamentos silvícolas

Podas/Tallas:

Tallas de formación buscando formar fuste continuo e vertical. A comezar aos 4-5 anos e continuar ata que as plantas cheguen aos 6-8 m (7-9 anos), actuando repetidamente cada 2 ou 3 anos. A continuación cada 5 ou 6 anos ata chegar aos 6 metros en fuste libre de ramas. Máis adecuadas no verán, desde mediados de xullo. Tallar só os pés de máis calidade (400 pés/ha de boa conformación). Absolutamente necesaria en plantacións de baixa densidade (5 x 5 m a 4 x 4 m). Moi importante desinfección de ferramenta entre árbores. Cortes limpos e moi aconsellable uso de seladores (todas estas actuacións destinadas a evitar ataque do chancro).

Clareos:

Optativo. Baixar a densidade a 600-800 árbores/ha, que se realizará só se se parte de alta densidade. Aos 8-12 anos.

Claras:

Primeira clara, onde ademais se realizará selección de 140-250 árbores/ha, debe ser temperá se non se fixo rareo (para que a competencia non prexudique ao crecemento diametral). Se se fixo clareo farase aos 18-20 anos (deixando 370 árbores/ha), se non aos 13-16 (deixando 700 pés/ha). Madeira para estacas ou trituración. 2-3 claras máis, con periodicidade de 7-8 anos. Parqué ou aserrío de pequenas dimensións (primeiras claras ou segundas), e aserrío e ebanaría (segundas claras en diante), con tendencia a densidade final de 200 a 250 pés/ha.

Corta final de rexeneración

Idade corta: 45-60 anos.

Métodos corta: A feito. Rexeneración en chirpiais de monte baixo. Posibilidade de utilización combinada de brinzais, resalvos cara a monte medio



MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

■ Preventivas

Na programación das actuacións é fundamental a organización dos mesmos no espazo e no tempo, así tal e como se indica no proxecto, realizarase a transformación por etapas e con certa separación espacial.

- As actuacións realizaranse evitando os trazados rectilíneos, dando maior sensación de naturalidade e integración paisaxística co medio.
- Deixaranse corredores naturais para evitar o fenómeno de illamento da poboación, conservando faixas da matogueira existente para favorecer a conectividade entre as distintas zonas.
- As transformacións organizarase no tempo, de forma que anualmente non se transformen máis de 15 hectáreas.
- Realizarase de xeito que cause o mínimo dano as superficies lindeiras, comezando por aquelas que teñan acceso directo dende as pistas ou sendas, evitando así no posible que haxa que transitar por zonas de mato durante a execución.
- As cortas de mellora, realizadas durante o próximo plan especial, serán polo baixo e selectivas, minimizando así o impacto paisaxístico dos tratamentos silvícolas.
- En relación as cortas finais, non se programan, pero no momento da súa realización racionalizaranse as superficies de corta a feito e deixaranse pequenas mouteiras maduras ou de árbores mortas que interrompan a uniformidade da corta. Así mesmo, procuraranse perímetros irregulares nas corta a feito, de xeito que supoña un menor impacto paisaxístico.
- Para conseguir a integración da paisaxe, os depósitos deberán ir recubertos dalgún material propio do entorno, neste caso pedra da zona, de maneira que non sexa visible ningún muro de formigón. O peche exterior obrigatorio para evitar caídas de animais, realizarse con materias tradicionais empregando madeira nos postes.

■ Correctivas

Evitarase a creación de masas monoespecíficas moi extensas, formáranse “mosaicos de especies” mediante a creación de bosquetes de especies autóctonas (castaño e careixeira), que serven de devasas verdes así coma tamén de zonas de refuxio para a fauna, ademais de ter unha finalidade paisaxística.

■ Compensatorias

A superficie ocupadas por especies forestais con uso produtivo, unha vez realizada as novas forestación, supón una pequena porcentaxe do monte.

Para compensar esta situación o resto do monte terá unha función de protección e conservación dos valores naturais, non realizando ningunha actuación sobre o mato, salvo as abrigadas pola lexislación sectorial en temas de prevención e defensa contra incendios forestais.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Planificación
e Ordenación Forestal





FEADER:
Europa inviste
no rural

ANEXO IV: PLANOS

A continuación amósase a cartografía asociada ao instrumento.







LEENDA

- Carpeta Ficha
- Monte Ordenado




PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEI"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 01	"PLANO DE SITUACIÓN"
DATA: 10/2019	O TÉCNICO REDACTOR Fdo. Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo. María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)







- LEENDA**
- Superficie de Ordenación
 - Superficie Encravada
 - Superficie en Litixio
 - Superficie Non Forestal
 - Superficie de Servidume
 - Superficie de Xestión Propia
 - Superficie de Xestión Propia



PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEI"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 02	"PLANO DE PARCELAS CATASTRAIS"
DATA: 10/2019	O TÉCNICO REDACTOR Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)





FEADER:
Europa inviste
no rural




MINISTERIO DE AGRICULTURA,
GANADERÍA Y PESCA
Y ALIMENTACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación Forestal

LENDAS

Superficie de Ordenación



DOTACIÓN DO SISTEMA XERAL E LOCAL	
	EQUIPAMENTOS (E)
	ESPACIO LIBRE (E.L.)
	ESPACIO LOCAL (E.L.)
	ESPACIO RURAL (E.R.)

BENS DO PATRIMONIO CULTURAL	
	REN-OU CONXENTO CAVALGADO
	CONTORNO DE PROTECCIÓN
	ZONA DE PROTECCIÓN INTEGRAL
	ZONA DE PROTECCIÓN
	DELIMITACIÓN XACEMENTO EXTRAMUNICIPAL
	ZONA DE RESPEITO
	CÓDIGO IDENTIFICATIVO
	CÓDIGO ADMINISTRATIVO
	CAMINO DE INVERNO

SOLO RÚSTICO	
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA (SR/PO)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR/PAG)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL PRODUCTIVO (SR/FPF)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL CONSERVATIVO (SR/FCF)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (SR/PEN)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL (SR/PP)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PASADÍSTICA (SR/PPA)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ALGAS (SR/TA)
	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS (SR/PIF)



SOLO URBANO	
	DELIMITACIÓN DE SOLO URBANO
	SOLO URBANIZABLE
	DELIMITACIÓN SOLO URBANIZABLE
	SOLO DE NÚCLEO RURAL
	DELIMITACIÓN SOLO DE NÚCLEO RURAL
	DELIMITACIÓN SOLO DE NÚCLEO RURAL SINGULAR

ZONAS DE PROTECCIÓN DA REDE VIARIA SUPRAMUNICIPAL	
	ARESTA EXTERIOR DE CALZADA Activo A-76 (Tramo Pontevedra-Quiroga)
	LÍNEA DE DELIMITACIÓN DA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO Activo A-76 (Tramo Pontevedra-Quiroga) e N-120
	LÍNEA DE DELIMITACIÓN DA ZONA DE SERVIDUMBRE Activo A-76 (Tramo Pontevedra-Quiroga) e N-120
	LÍNEA DE DELIMITACIÓN DA ZONA DE AFECCIÓN Activo A-76 (Tramo Pontevedra-Quiroga) e N-120
	LÍNEA LÍMITE DE EDIFICACIÓN Rede viaria estatal, autonómica e provincial.

REDE FERROVIARIA EXISTENTE (LIÑA 800 de ADIF A CORUÑA-LEÓN)	
	PLATAFORMA
	LÍNEA DE DELIMITACIÓN DE ZONA DE DOMINIO PÚBLICO
	LÍNEA DE DELIMITACIÓN DE ZONA DE PROTECCIÓN
	LÍNEA LÍMITE DE EDIFICACIÓN
REDE VIARIA SUPRAMUNICIPAL EXISTENTE	
	REDE ESTATAL (N-120)
	REDE PRIMARIA COMPLEMENTARIA
	REDE SECUNDARIA

CAUCES	
	CAUCE
	LÍNEA DE DELIMITACIÓN DE ZONA DE FILLOS PARAFENTE

PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"		
PROPIEDAD:	CMVMC DE "VILARMEI"	
LOCALIZACIÓN:	Parroquia Vilamel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº:	03	"PLANO DE CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA"
DATA:	10/2019	A TÉCNICA REDACTORA Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA:	1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)



- LEENDA**
- Superficie de Ordenación
 - Limitacións á Xestión Forestal**
 - Dominio Público Hidráulico
 - Zona de Policía
 - Zona de Servidume





PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEL"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 04	"PLANO DE LIMITACIÓNS HIDROGRÁFICAS"
DATA: 10/2019	A TÉCNICA REDACTORA Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)

FEADER:
Europa inviste
no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
 MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Dirección Xeral de Ordenación Forestal



- LEND**
- Superficie de ordenación
 - Outras Limitacións á Xestión Forestal**
 - Especies Ameazadas.
 - Outras limitacións.
 - Pastoreo/Monte Protector.
 - Patrimonio/Camiño de Santiago.
 - Plan de Ordenación Cinexética.
 - Unidades Ambientais
 - Espazos naturais protexidos.
 - Árbores senlleiras.

Limitacións por espazos naturais protexidos
 ZEPVN: Os Ancares - Courel
 ZEC: Ancares - Courel
 Hábitats Prioritarios: Bosque aluviais de Alnus glutinosa

Limitacións por especies ameazadas
 Emys orbicularis - En perigo de extinción

Limitacións por patrimonio cultural
 Alvariza: AL-25
 Conxunto de alvariza: CX-10

Limitacións por Unidades Ambientais
 UA200: Humidais continentais
 UA300: Matogueiras e medios rocosos
 UA400: Bosques Naturais e seminaturais
 UA500: Paisaxe rural transformada

Outras limitacións:
 Zona de protección de Avifauna
 Área prioritaria de Avifauna





PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDADE: CMVMC DE "VILARME"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 05	"PLANO DE OUTRAS LIMITACIÓNS"
DATA: 10/2019	A TÉCNICA REDACTORA Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)

FEADER: Europa inviste no rural

 MINISTERIO DE TURISMO Y ALPENTACIÓN
 GOBIERNO DE ESPAÑA

 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Dirección Xeral de Ordenación Forestal



- LENDAX**
- Superficie de Ordenación
 - Rede Viaria Forestal**
 - Pista Forestal Principal
 - Pista Forestal Secundaria
 - Sendeiros
 - Vías de saca
 - Outras Vías
 - RXB**
 - Non prodede clasificación
 - RXB 1ª por enerxía eléctrica. 5 metros
 - RXB 1ª por enerxía eléctrica eólica. 200 metros
 - RXB 1ª por estacións de gas. 5 metros
 - RXB 1ª por estradas
 - RXB 1ª por liñas de gas. 1,5 metros
 - RXB 1ª por outras infraestruturas
 - RXB 1ª por rede ferroviaria
 - RXB 1ª por telecomunicacións. 5 metros
 - RXB 2ª po gasolinerias e campings
 - RXB 2ª po núcleo rural. 0-50 metros
 - RXB 2ª por outras infraestruturas
 - RXB 3ª por infraestruturas de prevención contra incendios
 - RXB 3ª por outras infraestruturas
 - RXB 3ª por vías e camiños
 - RXB 3ª por zonas forestais de alto valor
 - RXB 3ª por áreas reactivas





FEADER: Europa inviste no rural

 MINISTERIO DE RURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
 GOBIERNO DE ESPAÑA

 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Dirección Xeral de Ordenación Forestal


PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEL"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 06	"PLANO DE INFRAESTRUTURAS"
DATA: 10/2019	A TÉCNICA REDACTORA Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)





LEENDA

Superficie de Ordenación

Parcelas de Inventario

Estratos

01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	12	13	14
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

ETIQUETADO:



Mouteira: 000

Parcelas: 01



PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEI"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 07	"PLANO DE INVENTARIO"
DATA: 10/2019	O TÉCNICO REDACTOR Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)





LENDA


- Superficie de Ordenación

- Cuartel**
- Rede Xestión Biomasa
- Madreiro
- Madreiro - Rede Natura 2000
- Protector
- Outro



PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEL"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 08	"PLANO DE ORDENACIÓN"
DATA: 10/2019	O TÉCNICO REDACTOR Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)





LENDA

- Plan Especial**
- Clara - 2029
 - Clareo- 2022
 - Construción depósito de auga de 7 x 4 x 2,5 - 2022
 - Construción depósito de auga de 7 x 4 x 2,5 - 2023
 - Reforestación con Castanea x hibrida - 2022
 - Reforestación con Pinus Sylvestris - 2022
 - Reforestación con Pinus Sylvestris - 2024
 - Reforestación con Pinus Sylvestris - 2025
 - Reforestación con Pinus Sylvestris - 2027
 - Reforestación con Pinus Sylvestris - 2028
 - Reforestación con Prunus avium - 2023
 - Reforestación con Prunus avium - 2024
 - Roza por RXB por devasa - 2022 e 2026
 - Roza por RXB por devasa - 2023 e 2027
 - Roza por RXB por devasa - 2024 e 2028
 - Roza por RXB por pizas forestais - 2021, 2025 e 2029
 - Roza por RXB por pizas forestais - 2022 e 2026
 - Roza por RXB por pizas forestais - 2023 e 2027
 - Roza por RXB por área devasa - 2022 e 2026
 - Roza por RXB por área devasa - 2023 e 2027
 - Roza por RXB por área devasa - 2024 e 2028
 - Tratamentos silvícoas en Pinu pinaster - 2021
 - Tratamentos silvícoas en Prunus avium - 2021
 - Superficie de Ordenación



ETIQUETADO:
Cuartel - UO - UA: 000-000-000



PROXECTO DE ORDENACIÓN: PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE "MVMC DE MONTOUTO"	
PROPIEDAD: CMVMC DE "VILARMEL"	
LOCALIZACIÓN: Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia de Lugo	
PLANO Nº: 10	"PLANO DE ACTUACIÓN"
DATA: 10/2019	O TÉCNICO REDACTOR Fdo.: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes (Colexiada nº 4.689)
ESCALA: 1:10.000	Fdo.: María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal (Colexiada nº 1.263)

